



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa
do SLG

22-09-2008

Na actualidade o conflito do sector lácteo, nin ten foro, nin diálogo, nin moito menos estabilidade.

En resposta á nota de prensa que a Consellaría do Medio Rural vén de facer pública condenando os incidentes desta mañá en Outeiro de Rei porque “*hai establecido un foro de diálogo estable que debe servir para abordar as diferentes problemáticas do sector*”, dende o Sindicato Labrego Galego queremos poñer de manifesto que **precisamente FORO, DIÁLOGO e ESTABILIDADE é o que falta no sector, sendo estas as eivas que provocan reaccións como a desta mañá por parte das/os afectadas/os.**

O SLG quere dar a coñecer que pese a termos reclamado a convocatoria urxente da Mesa do Leite, por escrito, a primeiros de agosto, diante da Consellaría, para abordar o descenso de prezos e ameazas de non recollida que as explotacións estaban e están a sufrir, dita petición aínda non foi atendida a día de hoxe.

Aproveitamos, polo tanto, para lembrarlle á CMR a nosa petición de convocatoria de dito foro.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Xabier Gómez Santiso, Coordinador de Sectores Gandeiros do SLG

TLF: 660 215 335